



### CONCELLOS

#### BECERREÁ

##### *Anuncio*

##### EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por decreto da Alcaldía, de data 11/02/2021, prestouse aprobación inicial aos padróns correspondentes ao 4º Trimestre 2020 das:

- Taxa polo subministro de auga.
- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa pola prestación do servicio de rede de sumidoiros e depuración.
- Canon da auga (Xunta de Galicia).

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente pone en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago das taxas, que disponen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

##### ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigo 87.2 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado polo Real Decreto 1.684/1990, de 20 de decembro, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dende o 12/02/2021 ata o 12/04/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seránllas cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seránllas enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectua-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, o obrigado ó pagamento deberá persoarse nas oficinas municipais, para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de apremio; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberan acudir as oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A falta de pago do canon da auga da Xunta de Galicia, no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 12 de febreiro de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 0420

## BEGONTE

### *Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 19 de febreiro de 2021, o expediente de modificación de créditos núm. 2 /2021, ( 1º de competencia do Pleno) , dentro do vixente Presuposto municipal e con modificación do anexo de investimentos, por un importe total de Trinta e sete mil trescentos catro con noventa e catro (37.304,94 ) euros , en cumprimento do disposto no artigo 117.2 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contarse dende o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes, as que deberán ser dirixidas ao Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Begonte, 19 de febreiro de 2021.- O Alcalde – Presidente, José Ulla Rocha.

R. 0450

## BURELA

### *Anuncio*

#### **Expediente: 128/2021**

Aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o 27 de xaneiro de 2021, o Padrón por liquidación das taxas do servizo de abastecemento domiciliario de augas, sumidoiros e recollida de lixo, así como o canón de auga da Xunta de Galicia, correspondente ao Sexto Bimestre do exercicio 2020, procédere a apertura do período de información pública por prazo de vinte días hábiles a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido nas oficinas do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario por período de dous meses a computar dende o día seguinte á presente publicación no BOP de Lugo.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzcan.

A falta de pagamento do Canon de Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 apartado 3 da Lei 58/ 2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e 23 e 24 do R.D. 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Burela, 12 de febreiro de 2021.- O ALCALDE, ALFREDO LLANO GARCIA.

R. 0421

*Anuncio***EXPEDIENTES 115/2021 E 116/2021. ANUNCIO EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. DECEMBRO 2020.**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Burela en sesión celebrada o día 10 de febreiro de 2021 acorda a aprobación inicial do Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao mes de decembro de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de 6.992,04 €, correspondendo 978,00 € a libre concorrenza e 6.014,04 € a dependencia. Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponese en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que disponen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 14 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde - presidente, no prazo dun mes, contado dende a finalización do período de exposición pública deste padrón fiscal no Boletín Oficial da Provincia.

Contra a resolución do recurso de reposición, expresa ou tácita, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, nos prazos sinalados no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa. Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seránles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

A presente publicación, nos dous supostos, de anuncio de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

Burela, 11 de febreiro de 2021.- O Alcalde - Presidente, Alfredo Llano García.

R. 0422

**O CORGO***Anuncio*

Este concello notifica a posibles interesados, que a persoa que se indica a continuación, solicitou autorización de corta de madeira nun monte comunal desta entidade local, aportando plano da zona concreta da corta, o que se fai público para que nun prazo de 15 días hábiles, contados a partir da publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, se poidan formular alegacións e presentar documentos en defensa dos seus dereitos ou intereses lexítimos.

NOME E APELIDOS DO SOLICITANTE	POLÍGONO E PARCELA	MONTE COMUNAL
JOSÉ ANTONIO ALDEGUNDE VÁZQUEZ	POLÍGONO 117 PARCELAS 255 e 256	SANTALLA DO ALTO

O Corgo, 12 de febreiro de 2021.- O alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 0423

**A FONSAGRADA***Anuncio***PADRÓNS DE AUGA, LIXO E SUMIDOIROS CORRESPONDENTES AO SEXTO BIMESTRE DO 2020**

Aprobado por Decreto de Alcaldía Núm 2021-0027 de data 10/02/2021, o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo correspondente ao 6º bimestre do exercicio 2020, así como a apertura dun período de información pública por prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

O prazo de cobro en período voluntario abarcará dende o día 11-02-2021 ao 11-04-2021. Para o cobro de ditos padróns, aos contribuíntes que non o teñan domiciliado, os documentos de cobro seránles enviados ao domicilio declarado do suxeito pasivo para que efectúen o pago nas sucursais bancarias establecidas a tal efecto.

Contra o acto de aprobación do padrón os interesados poderán interpoñer en vía administrativa, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes, recurso previo de reposición ante o órgano competente, de acordo con canto establece o artigo 14 do TRLRHL. A falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico – administrativa ante o órgano económico – administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.

A Fonsagrada, 11 de febreiro de 2021.- O Alcalde- Presidente, D. Carlos López López.

R. 0424

## MONDOÑEDO

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN DEFINITIVA DE RELACIÓN DE BENS E DEREITOS A EXPROPIAR E FINALIZACIÓN DE EXPEDIENTE POR MUTUO ACORDO**

O Pleno da Corporación do Concello de Mondoñedo, na sesión celebrada o día 5 de febreiro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.**- Aprobar definitivamente a seguinte relación de bens e dereitos a expropriar:

Finca catastral	Propietario	Natureza do solo	Superficie a expropriar
2511401PJ3121S	Ramón Salgado Rubal	Solo de núcleo rural	96 m <sup>2</sup>
2511403PJ3121S	Jesús Losada Polo, con DNI 7654xxxx e María Consuelo Losada Polo, con DNI 3369xxxx	Solo de núcleo rural	15 m <sup>2</sup>
2511404PJ3121S	Vicenta Díaz González	Solo de núcleo rural	17 m <sup>2</sup>

**FINALIZAR** o expediente expropiatorio por mutuo acordo, nos termos expresados nas actas de finalización por mutuo acordo asinadas polos titulares dos bens e dereitos a expropriar e incorporadas ao expediente.

O presente acordo pon fin a vía administrativa, e poderá ser recurrido potestativamente en reposición ante o Pleno da Corporación no prazo de un mes a contar dende a presente publicación, ou ben recurrilo directamente ante o xulgado do contencioso administrativo de Lugo no prazo de dous meses.

Mondoñedo, 16 de febreiro de 2021.- O Alcalde, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 0439

## SAMOS

### *Anuncio*

Aprobados pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 09/02/2021, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **XANEIRO/2021 e ATRASOS DECEMBRO/2020**, expoñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderánse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuyentes na conta do Concello no Banco Santander ou BBVA.

Fixanse como período de cobro en voluntaria:

\*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

\*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o periodo de pago en voluntaria as debedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 8 DE FEBREIRO de 2021.- ALCALDE PRESIDENTE, D. Julio Gallego Moure.

R. 0425

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL N.º 3 LUGO

#### *Anuncio*

D/D<sup>a</sup> MARIA DE LOS ANGELES LOPEZ CARBALLO, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 003 DE LUGO.

**HAGO SABER:** Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D/D<sup>a</sup> ANGEL RODRIGUEZ FIGAS contra JAVIER NAVIA LOPEZ, MUTUA MAZ , MARIA MERCE CABOALLES PEREZ , en reclamación por ORDINARIO, registrado con el nº PROCEDIMIENTO ORDINARIO 0000783 /2020 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS, citar a MARIA MERCE CABOALLES PEREZ, en ignorado paradero, a fin de que comparezca el **día 13/12/2022 a las 10:40 horas**, en Planta 4 - Sala 8 - Edif. Xulgados, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que deberá acudir con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **MARIA MERCE CABOALLES PEREZ**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a doce de febrero de dos mil veintiuno.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 0426